

O mestre ourensán Santiago Prol publica o seu primeiro libro: "Alga e Fungo"

Un diario de sentimentos en prosa poética

"Non sempre foi así/ Agora tiña frío/ frío na súa presenza/ frío na súa ausencia/ frío coas súas interferencias/ frío coas súas deferencias/ Agora tiña frío/ moito frío/ aínda que/ non sempre foi así".

O poema é un máis dos que constitúen a obra "Alga e Fungo", a primeira publicación do autor novel Santiago Prol (Maceda, 1960). Mestre de inglés nun colexio do concello de Valga (Pontevedra), Prol decidiu sacar do caixón un poemario que xa rematara no ano 1996 e publicalo nunha edición de autor que xa está á venda ó prezo de cincocentas pesetas. O escritor define o froito do seu traballo poético como "unha reflexión sobre os sentimentos dunha persoa", que escribiu como "un diario ficcionado en prosa poética", segundo él mesmo explica.

Santiago Prol comezou a súa andadura como poeta na revista universitaria Doma, da facultade de Filoloxía de Santiago. O seu obxectivo coa publicación deste libro é que o lector "se identifique cos poemas, porque plan-texan situacións que lle poden pasar a calquera persoa". É que, efectivamente, polas páxinas de "Alga e Fungo" pululan personaxes á espera de chamadas definitivas, nostálgicos de amores perdidos e escépticos que xa non agardan nada bon da vida.

Ó tempo, o escritor matiza que non se considera un poeta, "nin sequera a tempo parcial"; proba delo é que, dende que rematou o citado poemario, escribiu tan só dúas composicións poéticas máis e, na actualidade, está a levar adiante un traballo de inves-

alga e fungo

Santiago Prol



Portada do libro "Alga e Fungo", do ourensán Santiago Prol.

tigación do que non quere, polo de agora, desvelar a temática.

O poemario foi imprentado o 17 de maio en Gráficas Palermo, de Pontecesures, nunha coidada edición que reflicte a sustancia literaria que Prol Blanco quixo expresar: Unha realidade sentimental que pode ser a de moitos

nós. O libro está dividido en tres partes; unha primeira, "Fungo", escrita en terceira persoa, unha segunda, "Alga", en segunda persoa e, finalmente, "Punto Final".

R. F.

"Alga e Fungo":

Á venda: En Torga

Prezo: 500 pesetas